



TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Técnica da conservación preventiva dos bens pictóricos III

Departamento: Conservación e restauración de materiais pictóricos

Formación básica	Curso: 4º pintura	1º Cuadrimestre	3 ECTS
-------------------------	--------------------------	------------------------	---------------

Teórica

Profesor: Fernando Carrera Ramírez

fcarrera@edu.xunta.gal

Horario: 2 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

O alumnado deberá coñecer os criterios e técnicas para o control preventivo dos bens pictóricos inmóbeis, que ralenticen ou eliminen as degradacións.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas de seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado
X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e restauración.
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración



X9	Coñecer e aplicar e deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e a súa conservación e restauración.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio
X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.
X17	Determinar e aplicar as condicións axeitadas para a conservación preventiva do ben cultural "in situ", durante a exposición, almacenaxe, transporte ou depósito.
X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

EE9	Deseñar protocolos de actuación para o mantemento "in situ", almacenamento, exposición, manipulación, embalaxe e transporte de bens culturais propios da especialidade, de forma que se garanta a súa integridade e adecuada conservación
-----	---

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Coñecer os tipos de bens inmoables pictóricos, os procesos e axentes de alteración específicos.
Acadar a capacidade para deseñar e executar proxectos de conservación preventiva sobre bens pictóricos inmoables
Aprender a planificación un procedemento de estudo sobre os factores de alteración que afectan a un ben pictórico inmoable.
Coñecer os principios teóricos sobre os que suxerir as medidas preventivas, correctoras e de mantemento sobre un ben inmoable

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade	Subtemas	% no total da materia
1. Introducción á CP en inmoables. O proxecto de CP	<ul style="list-style-type: none"> - Tipoloxías de BBCC inmoables - Procesos e factores de alteración específicos - Elementos dun proxecto de CP e mantemento - Fases de traballo 	10 %
2. Diagnose e Medición	<ul style="list-style-type: none"> - Diagnose e valoración do risco. Principios 	20 %



	- Medición de axentes, inspección, monitorización	
3. Medidas correctoras	- Medidas para o control de axentes: o Factores territoriais o Factores locais - Medidas axente por axente	50 %
4. Plan de Mantemento	- Conceptos previos - Monitorización - Mantemento - Redacción do programa de mantemento	20 %

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	20		20
Estudo autónomo		10	10
Traballos tutelados	4	23	27
Lecturas e debates	3	6	9
Prácticas e estudos de casos	9		9
Total	36	39	75

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral	Coñecemento das bases teóricas da materia.
Traballo	Realización dun traballo individual, utilizando os materiais didácticos proporcionados na clase ou a través das plataformas docentes.
Estudos de caso, prácticas, debates, outras actividades	Charlas e debates, a partires da lectura e comentario crítico de artigos científicos sobre os contidos da materia; exercicios de reflexión, de forma individual ou cooperativa, oral ou escrita; prácticas; exercicios realizados a través das TIC.



SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
Lecturas e estudos de casos	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación dos coñecementos adquiridos • Capacidade de análise crítico • Adquisición competencias teóricas • Os criterios de cualificación quedarán expresados en rúbricas dispoñibles na plataforma docente. 	30%
Traballo	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade: rigor técnico; grao de aplicación de conceptos teóricos e corrección no desenvolvemento do exercicio. Claridade e eficacia na expresión. • Calidade da presentación e participación no debate. • O criterio de cualificación quedará expresado dunha rúbrica dispoñible na plataforma docente 	30%
Observación sistemática	<ul style="list-style-type: none"> • Asistencia a clase, participación activa en debates e prácticas propostas, asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. • Cumprimento prazos de entrega. 	10%
Probas escritas	<ul style="list-style-type: none"> • Proba que valora a asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. 	30%
Total		100 %

OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- A asistencia é obrigatoria. A cualificación do apartado “observación sistemática” basearase nos seguintes principios:
 - 5% asistencia. A non asistencia a 6 ou máis clases suporá unha cualificación de 0; entre 4 e 6, 0,5.
 - 5% continuidade, que avaliará a presentación en tempo e forma os exercicios propostos. A presentación tardía de máis de 5 traballos suporá unha cualificación de 0, entre 3 e 5, 0,5.
 - A cualificación de 0 nalgún destes dous epígrafes suporá a inmediata presentación a unha proba escrita en convocatoria ordinaria.



- Avaliarase de forma continua e permanente o progreso do proceso de aprendizaxe, incluíndo todos os resultados acadados no traballo continuado de clase, as lecturas, exercicios e traballos entregados no tempo estipulado.
- A cualificación poderá ser:
 - Non presentado: cando non se presenten a totalidade dos traballos establecidos ó longo do curso.
 - Suspenso: cando, presentados todos os traballos, a cualificación obtida non supere o 4,9.
 - Aprobado (coa cualificación correspondente) cando, presentados todos os traballos, a cualificación obtida supere o 4,9.
- Nos casos de cualificacións “non presentado” ó “suspenso”, na convocatoria ordinaria, propóranse as tarefas que permitan a recuperación parcial/total segundo as partes non superadas, que incluírán:
 - Unha proba escrita de valor 50% do total da cualificación final. Para a presentación á proba será necesario ter presentado o traballo de materia e resto de prácticas.
 - Presentación e avaliación do traballo de materia (30%).
 - Presentación e avaliación do resto de actividades propostas ó longo do curso (20%).
- O alumnado que non supere a convocatoria ordinaria terá a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria. Nesta convocatoria o alumnado terá que realizar unha proba escrita de valor 60% sobre a cualificación.
- Dita convocatoria conterà outros elementos de avaliación, por valor 40%, correspondente ó traballo presentado na convocatoria ordinaria.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso, a través das titorías docentes e tamén a través do correo electrónico.